

Texto e ilustracións: **DANIELA KULOT**

Tradución: **MARC TAEGER** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 23x30 cm.

32 páxinas a toda cor. Dispoñible en:

-Galego: "Crocodilo namorado"  
ISBN 978-84-935122-4-8

-Castelán: "Cocodrilo se enamora"  
ISBN 978-84-935122-5-5

-Portugués: "Um pequeno Crocodilo ternurento  
que só visto". ISBN 978-989-8205-63-6

Prezo: 15 €

## CROCODILO NAMORADO

**Hai días que Crocodilo está inquedo.**

**Ás veces ten frío, ás veces ten calor,  
ás veces está moi triste...**

**O que lle pasa é que está namorado...**

Este título é o primeiro dunha serie de álbums protagonizados por Crocodilo e Xirafa, dous personaxes que se namoran e forman unha parella peculiar. Aparentemente, a súa relación pode resultar un tanto complicada porque a diferenza máis notable entre eles é a estatura. Pero é aí onde Crocodilo emprega toda a súa maña, co obxectivo de facerse notar para chamar a atención de Xirafa.


Así, sucédense situacións cheas de humor coas que Crocodilo procura que ámbolos dous se atopen para que Xirafa poida percibir o seu interese por ela. Pero o azar empéñase en frustrar ese cruce de miradas e sorrisos necesario para que xurda a chispa do amor.

Un libro sobre un sentimento universal, que explica cunha linguaxe sinxela e cercana o torrente de sensacións e emocións que se producen en quen se namora. Destaca por abordar este tema desde un enfoque global, que parte de situacións cotiás. Nunha sociedade onde se procura a integración de razas, culturas, crenzas, e onde son cada vez máis habituais novos tipos de familia, este álbum transmite unha mensaxe fundamental: non é cuestión de altura, peso, idioma ou cultura; cando irrompe o amor, todas as barreiras son superables.

Dende o punto de vista estético, Daniela Kulot atrae a atención dos lectores cun estilo que reborda dozura e colorido. A serie de Cocodrilo e Xirafa continúa cos álbums titulados "Unha casa a medida", "Unha parella diferente" e "Unha familia normal".

### DANIELA KULOT (Schongau, 1966)

A afección polo debuxo e a pintura xurdiu na súa nenez. Formouse academicamente na Escola Superior de Deseño de Ausgburg para dedicarse á arte. Comezou a publicar álbums infantís en 1990 e as súas obras tiveron tanto éxito que máis dunha trintena de títulos foron traducidos a outras linguas. O seu estilo destaca pola variedade cromática de cada escea, pola luminosidade e o contraste de cores; tamén resulta atractivo o humor co que se plantexan as historias e o deseño das súas páxinas. FAKTORÍA K deu a coñecer en galego e castelán a obra desta autora, da que publicou os seguintes títulos: "Que lería de cordóns!", "Co dedo no nariz" e "Leopoldo e Casilda".



- **Temática:** o amor e a parella
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos
- **Aspectos destacables:** o colorido das ilustracións; reflexión sobre o amor, que trascende barreiras, e sobre a aceptación das diferenzas; a parella e a familia; outros títulos da serie: "Unha casa a medida", "Unha parella diferente", "Unha familia normal"

